



LES ARTIANS - "LES ARTIANS"
 Espectáculo de maxia cómica onde o cómico vese... maxia tamén! Unha mestura de clown, mimo e o absurdo.
Todo público. Duración: 50 minutos
 13 Agosto, 20:00 - Praza de Ascáraga
 14 Agosto, 20:00 - Parque de Oza



PELOTINAUTAS - "FLAIR PLAY"
 Comedia en clave de cine mudo e circo que evoca aos tolos anos 20. Dous elegantes gentlemen disputarán un partido de tenis en varios sets...ou cando menos o intentarán.
Todo público. Duración: 50 minutos
 13 Agosto, 20:00 - Parque Santa Margarida
 14 Agosto, 20:00 - Obelisco



ANTÓN COUCHERO (COU) - "PSICOPATA"
 Suspense, interacción co público, vídeo, cancións, humor gráfico, playmobiles, dj, maxia, provocación, efectos especiais, algo de terror e sobre todo humor negro, todo iso é Psicópata.
Público adulto. Duración: 75 minutos
 13 Agosto, 22:00 - Interior Castelo San Antón
 15 Agosto, 22:00 - Interior Castelo San Antón



INVERSA TEATRO - "TÉ CON KANT"
 "Sapere Audé", é dicir, "atrévete a pensar" é o contrasinal que o público debe dar para poder ter acceso a este espectáculo, rememorando os Salóns Ilustrados Clandestinos que mulleres organizaban na época.
Público adulto. Duración: 90 minutos
 14 Agosto, 22:00 - Interior Castelo San Antón



THE MOMENTO IMPRO - "ENTRELÍNIAS"
 Espectáculo baseado na improvisación, onde ninguén sabe o que vai ocorrer en cada representación. Oportunidade única para ver un show fresco, orixinal e innovador.
Público Adulto. Duración: 50 min
 15 Agosto, 20:00 - Cúpula Matadoiro

COMEDIA TEATRO CIRCO COMEDIA TE

MUNDO MANDARINA - "LABORATORIO MANICÓ"
 Neste espectáculo no que se mesturan a maxia, o clown e os monicreques, Mandariná fará que grandes e pequenos se sorprendan e rían con xogos de maxia cómica e a aparición do seu malhumorado pasaro, Rigoberto.
Todo público. Duración: 50 minutos
 15 Agosto, 12:00 - Campo da Leña
 16 Agosto, 12:00 - Praza Elíptica



FRA MARTO - "OUT OF THE BLOP"
 A protagonista desta historia colga a colada na praza e coa súa lavadora portátil crea confusión na vida dos habitantes. Baseado nunha innovadora forma de show de rúa onde a manipulación de obxectos, malabares e clown son a base da comunicación narrativa.
Todo público. Duración: 50 minutos
 15 Agosto, 12:00 - Praza das Conchiñas



JOAN CAVALA - "TÉ"
 Proposta que elimina as fronteiras entre a danza, o circo, o teatro e a performance; entre público e espectáculo. Unha revisión natural de técnicas artesanais e lembranzas propias. Mostra única como resultado da interacción co espectador.
Todo público. Duración: 40 minutos
 15 Agosto, 20:00 - Xardíns de Méndez Núñez
 16 Agosto, 19:00 - Praza María Pita



LOS DUGUS IMPRO - "THE MOMENTO IMPRO"
 Maravillosas historias que aparecerán como por arte de maxia ante os nosos ollos, da man dunhas bruxas encantadoras e uns elfos moi simpáticos. Iso si, contando coa axuda dos pequenos apanicados de bruxas e as súas palabras máxicas...
A partir de 3 anos. Duración: 50 minutos
 16 Agosto, 12:00 - Praza Barrio das Flores



ASOCIACIÓN CULTURAL MANICÓSMICOS - "GULLO"
 Espectáculo de variedades: circo, danza, clown, acrobacias e sobre todo moito humor. Pequenas propostas nas que compartirán escenario artistas profesionais con outros en proceso formativo.
Todo público. Duración: 90 minutos
 16 Agosto, 20:00 - Praza de María Pita



TEATRO CIRCO COMEDIA TEATRO CIRCO

PASARRÚAS MANICÓSMICOS DO 6 AO 9 DE AGOSTO

PERSONAXES EXCÉNTRICOS ENCHERÁN DE COR E MÚSICA OS DIFERENTES BARRIOS DA CIDADE.

6 DE AGOSTO
 12:00 - 13:30 BARRIO DAS FLORES - MONELOS - PARQUE DE OZA
 19:00 - 20:30 CAMPO DA LEÑA - RUA DA TORRE - CAMPO DE MARTE

7 DE AGOSTO
 12:00 - 13:30 RUA BARCELONA - PRAZA DAS CONCHIÑAS - SAGRADA FAMILIA
 19:00 - 20:30 A GAITEIRA - PRAZA DA CUBELA - CATRO CAMIÑOS

8 DE AGOSTO
 12:00 - 13:30 PRAZA ELÍPTICA - AS ROSEIRAS - LABAROU
 19:00 - 20:30 PARQUE DE EIRIS - PRAZA DE PABLO IGLESIAS

9 DE AGOSTO
 12:00 - 13:30 PRAZA DE OURENSE - PRAZA DE LUGO - PRAZA DE PONTEVEDRA
 19:00 - 20:30 XARDÍNS DE MÉNDEZ NÚÑEZ - OBELISCO - RUA REAL - PRAZA DE Mª PITA

